

ANUNCIO

ÓRGANO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DATA: 12/08/2024

PREZO PÚBLICO PARA A ACTIVIDADE DE INGLÉS CURSO 2024/2025

Artigo 1. Obxecto

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxase as contías dos prezos públicos aplicables ás clases formativas no inglés nas seguintes modalidades:

- Escola de Inglés para escolares entre os 3 e os 16 anos

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento

- Escola de Inglés: os pais, nais, titores ou responsables dos menores que se beneficien dos servizos da “Escola de Inglés” referida no artigo anterior.

Artigo 3. Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada acción é:

Escola de inglés	30 €/mes
Material escola de inglés	25 € no momento da matrícula

Artigo 4. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación da inscrición na actividade. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

Os cargos efectuaranse unha vez transcorridos os primeiros 10 días de cada mes do curso realizado.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado a actividade.
2. A actividade terá unha permanencia mínima de 6 meses, agás causa debidamente xustificada.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro., xeral tributaria.

(Documento asinado dixitalmente)